



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA DOCE DE MAIO DO DOUS MIL CINCO.**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén, D. José Antonio Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día doce de maio do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez e a do Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DOS DÍAS: 4 E 19 DE ABRIL DE 2005 E ORDINARIA DO DÍA 14 DE ABRIL DE 2005.

Polo Sr. Alcalde pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas das sesións extraordinarias de 1 e 19 de abril do 2005 e ordinaria do día 14 de abril de 2005 e non producíndose ningunha, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar as ditas actas.

2º.- MOCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA ÁS OCUPACIÓNS DO SOLO POR MESAS E CADEIRAS NA RÚA DO PORTO DE CELEIRO.

Polo Sr. Alcalde expónse a moción e, seguidamente, abre a quenda de intervencións, non producíndose ningunha, polo que se procede a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar a moción da Alcaldía que dí:

“Na rúa do Porto de Celeiro, Portos de Galicia vén aplicando unhas tarifas excesivas por ocupación do solo para as terrazas que colocan os bares e restaurantes que están situados na dita rúa.



É moi importante para a supervivenza destes establecementos hostaleiros o poder colocar as terrazas os días de bon tempo, tendo en conta os benefizos económicos que significa este servizo, e máis na zona postuaria por excelencia do Concello de Viveiro, para os empresarios do sector. Tamén hai que ter en conta a importancia que ten para o sector turístico do Concello o poñer en valor dita zona portuaria.

Aínda que a zona é competencia de Portos de Galicia, tamén é certo que a maior parte dos servizos de limpeza, auga, rede de sumidoiro e alumeadado o mantemento faino o Concello.

As tarifas que aplica Portos de Galicia fan imposible o establecemento deste servizo para os cidadáns de Viveiro e aqueles que nos visitan; polo que hai que adaptar a lexislación vixente da Xunta de Galicia á realidade de Celeiro; polo que debemos de adoptar algunhas medidas que non signifiquen un incumprimento da lexislación, senón unha adecuación que faiga posible o desenvolvemento económico, social e turístico do Porto de Celeiro. Cremos que unha alternativa viable a propoñer é, lque todos os establecementos hostaleiros de Celeiro, que en ditas terrazas ofrezan produtos do día da ría de Viveiro, deberían de ser apoiados por Portos de Galicia, de maneira tal que todos aqueles que faigan o anteriormente dito terían a mesma tarifa por ocupación de solo que a vixente na normativa municipal para o resto do Concello.-

Por todo isto, proponemos ao Pleno acorde:

DIRIXIRSE AO ORGANISMO AUTÓNOMO PORTOS DE GALICIA CO FIN DE QUE ESTUDE ESTA PROPOSTA; QUE SE APLICARÁ ÁS TARIFAS VIXENTES NA NORMATIVA MUNICIPAL A TODOS AQUELES ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA, SITUADOS NA RÚA DO PORTO DE CELEIRO QUE SE COMPROMETAN A POÑER AO SERVIZO DOS CLIENTES, PRODUCTOS DO DÍA DA RÍA DE VIVEIRO.”

3º.- CESIÓN GRATUTITA DE USO A ASPANANE POLO PRAZO DE TRINTA ANOS, DA NAVE SITA EN LAVANDEIRAS PARA DESTINALA AOS TALLERES OCUPACIONAIS DE MINUSVÁLIDOS.

Polo Sr. Alcalde exponse que a Asociación ASPANANE que na actualidade vén xestionando o Centro Ocupacional de Minusválidos Psíquicos e Físicos deste Concello require para concorrir e obter subvencións da Comunidade Autónoma constatar ante a citada que dispón da cesión formal da nave onde se van a ubicar os talleres de dito Centro; polo que se propón ceder a nave sita en Lavandeiras de titularidade municipal a favor de ASPANANE, polo prazo de trinta anos.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que pregunta ¿cédesese unha nave ou dúas?.

O Sr. Alcalde contesta que se propón ceder unha nave.

En segundo lugar intervén o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que indica que esta cesión se necesita para a Unidade Asistencial demandada para a que cómpre contar con dita nave.

En terceiro lugar intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí se esta cesión sería a partir de agora.



Non se producen outras intervencións e obrando no expediente o informe preceptivo emitido pola Secretaria do Concello, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), o que supón maioría absoluta do número legal dos mesmos, acorda inicialmente a cesión gratuita á asociación ASPANANE, polo prazo de trinta anos, da nave de titularidade municipal sita en Lavandeiras, Celeiro, para a instalación de Talleres Ocupacionais de minusválidos de dito Centro Ocupacional.

Dáse traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención, Contratación e Obras e Funcionaria encargada do Inventario, para achegar a documentación esixida no 109 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais e publicar o edicto no Boletín Oficial da Provincia, para sometemento desta cesión a información pública, polo prazo de quince días, de conformidade co informe de Secretaría.

4º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

5º.- ASUNTOS URXENTES.

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, uns asuntos que non figuran na Orde do día da Sesión, que son os seguintes:

5.1.- PROPOSTA DE CANCELACIÓN DA INSCRIPCIÓN NO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DA CORPORACIÓN DA CHAMADA PORTA DO VALADO.

5.2.- MODIFICACIÓN DOS MEMBROS INTEGRANTES DA FUNDACIÓN PARA DISCAPACITADOS FÍSICOS E PSÍQUICOS.

5.3.- MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA SOCIEDADE MIXTA EOGAL NOS ARTIGOS 5 E 24, SEGUNDO O INDICADO POLO REXISTRADOR MERCANTIL.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar a inclusión na Orde do día dos referidos asuntos.

5.1.- PROPOSTA DE CANCELACIÓN DA INSCRIPCIÓN NO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DA CORPORACIÓN DA CHAMADA PORTA DO VALADO.

Polo Sr. Alcalde-presidente exponse que comprobado documentalmente, mediante a nota simple emitida polo Rexistro da Propiedade, que a Porta da Calexa é titularidade do Convento; dí que chegaron a un acordo coa Reverenda Madre Abadesa de dita Congregación para que permitan realizar no dito lugar, un Centro de Interpretación sen porta de acceso desde a torre ao Convento, mentras duren as obras, para garantir a seguridade deste, sinalando, a seguir, que Protección Civil



está a realizar custodias nocturnas para evitar que se podan acceder ao Convento desde as andamias.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Dar de baixa no Inventario Municipal de Bens e Intereses a Porta do Valado ao acreditarse, mediante documento do Rexistro da Propiedade, que é de titularidade do Convento das Concepcionistas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presenta acordo á funcionaria encargada do Inventario, D^a. María del Carmen Vale González, así como a D. Santiago Meitín Míguez para proceder a realizar a baixa efectiva no soporte documental do dito Inventario.

Notificar o presenta acordo á Reverenda Madre Abadesa do Convento das Concepcionistas.

5.2.- MODIFICACIÓN DOS MEMBROS INTEGRANTES DA FUNDACIÓN PARA DISCAPACITADOS FÍSICOS E PSÍQUICOS.

Polo señor alcalde dáse lectura de proposta de modificación dos membros integrantes da dita Fundación, sinalando que esta motívase na causa sinalada no artigo 13.1, apartados c) e d) dos Estatutos que rexen a Fundación e con base á facultade concedida na escritura de constitución de 12 de maio de 2002, cláusula 3^a do “otorgan”.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda:

PRIMEIRO. Que de conformidade có disposto no artigo 13.1º c) dos Estatutos da Fundación para a protección de discapacitados psíquicos de Viveiro, os patronos cesantes deste Concello na devandita Fundación son:

- María del Mar Lago Insua
- José Joaquín Gayoso Roca
- Juan Luís Cora Fernández
- César Aja Mariño

SEGUNDO. Que os novos membros do Patronato, nomeados polo Concello, son:

- Doña Marta Pérez Lage, con DNI núm. 76.563.618 E, con dirección en Viveiro, Avda. de Ferrol núm. 29 - 4º F.
- Don Orlando Expósito Mariño, con DNI núm. 34.760.005 F, con domicilio en Viveiro, Xunqueira, núm. 158.
- Dona Ana María Basanta Tojo, con DNI núm. 34.636.900 G, con domicilio en Viveiro, rúa Alonso Pérez, núm. 13-3º C.
- Don Francisco Luís Rodríguez Guerreiro, con DNI núm. 76.556.283 R, con dirección en Congostras 5, Covas, Viveiro.

TERCEIRO. Facultar a calquera dos anteriores membros para elevar a público os acordos adoptados.

Notificar este acordo ao funcionario don José Vivero Russo, para a súa tramitación ante a Notaría”



5.3.- MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA SOCIEDADE MIXTA EOGAL NOS ARTIGOS 5 E 24, SEGUNDO O INDICADO POLO REXISTRADOR MERCANTIL.

Polo Sr. alcalde expónse que aos efectos de inscribir a constitución da Sociedade “EOGAL, S. L.” o Rexistrador Mercantil de Lugo, previo examen e calificación do dito documento, resolveu suspender a inscrición ao obxecto de que se subsanen uns defectos que apreza nos Estatutos; por todo isto é polo que se propón a modificación dos artigos 5 e 24, por acordarse xa noutra sesión Plenaria a subsanación doutros defectos.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda que os artigos 5 e 24 dos Estatutos da Sociedade “EOGAL VIVEIRO, S. L.” queden redactados como a seguir se dí:

“MODIFICACIÓN ESTATUTOS SOCIEDAD MIXTA ARTÍCULOS 5 Y 24

.....

ARTICULO 5. - CAPITAL SOCIAL

El capital social es TRES MIL CIEN EUROS, representado por TRES MIL CIEN participaciones sociales de UN EURO de valor nominal cada una de ellas, totalmente suscritas y desembolsadas y divididos en dos clases:

CLASE A privilegiada: Participaciones del número 1 al 1581, ambos inclusive (representativas del 51% del capital social)

CLASE B privilegiada: Participaciones del número 1582 al 3.100, ambos inclusive (representativas del 49 % del capital social).

Las participaciones clase “A” tienen un derecho preferente de adquisición de las participaciones de la clase “B”.

Las participaciones de clase “A” a tenor de lo dispuesto en el artículo 22 de la Ley de Sociedades de Responsabilidad Limitada, conllevan como prestación accesoria sin que pueda considerarse aportación al capital social de la empresa la obligación de su titular, el Ayuntamiento, de facilitar el uso de los bienes de dominio público precisos para el inicio, ampliación y desarrollo de las actividades comprendidas en el servicio.

Esta prestación accesoria no será gratuita estableciéndose en el momento en que se produzca la puesta a disposición de la sociedad del uso que en cada caso corresponda, a la valoración de la contraprestación que habrá de recibir el ayuntamiento.

Se establece como valoración de esta contraprestación la de 2.000 euros (DOS MIL EUROS) por megawatio instalado.

Las participaciones clase “B” tienen derecho a obtener el reembolso del nominal desembolsado, con cargo al Fondo de Reversión al que se refiere el artículo 28 de estos Estatutos.



.....

ARTICULO 24. - RETRIBUCIONES

Los Administradores percibirán en concepto de sueldo y/o dietas los importes que al efecto serán aprobados anualmente por la Junta General. Asimismo los miembros del Consejo que sean a su vez miembros de la Corporación Local participante, no podrán percibir retribuciones por su condición de Consejero, aunque sí indemnizaciones o dietas de asistencia a las sesiones del Consejo en los términos y cuantía fijados por la Junta General, conceptos que podrán hacerse extensivos a los funcionarios asimilados, teniendo en cuenta en todo caso, los supuestos y limitaciones establecidos en el artículo 8 de la Ley 53/1984 y 31 del Decreto 236/1988.”

Facultar al Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, para elevar a público os acordos adoptados.

Comunicar o presente acordo ao Técnico de Administración Xeral para a súa tramitación aos efectos da cumprimentación da inscrición no Rexistro Mercantil da referida Sociedade.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1º.- ¿En que situación está o Plan Parcial de Xunqueira a Magazos?.

Polo primeiro Tenente de Alcalde, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, indícase que se se está a referir ao PEPRI de Valdeflores que alcanza ao Convento e que a zona norte é a do Plan Parcial.

Despois de que se sucedan breves intervencións do Alcalde e o Tenente de Alcalde e o propio Concelleiro que formula a pregunta, os citados conclúen que o Concelleiro de IU-EU refírese á reparcelación de Magazos. Contestando o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, que por parte do Enxeñeiro do equipo MONSA, D. Mario Iglesias, redactor do proxecto, remitíronse unhas indicacións ao obxecto de saír da situación de paralización dos trámites no Rexistro da Propiedade que, entre outros motivos, se debía a que para efectuar as notificacións do expediente se tiveran en conta aos titulares Catastrais e non aos Rexistrados, aínda que sinala que a Rexistradora será a que determine se considera factible ou non a solución apuntada por D. Mario Iglesias.

2º.- ¿Cómo van os Polígonos Industriais?.

O Sr. Alcalde resposta que o do Plan de Chavín, xa se atopa tramitado desde o punto de vista de xestión municipal.

Que en canto ao de Landrove, atópase pendente da aprobación do Plan Sectorial definitivo.

3º.- ¿En que situación se atopa o Plan Xeral?.



Contesta, o Sr. Alcalde, que se está readaptando á modificación da Lei 9/2002, LOUGA.

Rogo: En Orxal a choiva tirou pedra e na curva que é moi pechada hai perigo.

4.-.¿Qué ocorre cos colectores da Travesía?.

O Sr. Alcalde resposta que se atopa sen recepcionar polo Concello ata que a Empresa que os utiliza garante o seu normal funcionamento.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.